

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Fixación de datas de celebración dos procesos selectivos para a creación dunha bolsa de emprego no Concello de Muíños. **OFICIALES DE 1ª/2ª PARA O SERVIZO DE RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR E MANTEMENTO DE SERVIZOS MUNICIPAIS.**

De conformidade co expediente de provisión de persoal laboral temporal, das que as bases de selección foron aprobadas por Decreto de Alcaldía de data 16 de xaneiro de 2020 e publicado anuncio no B.O.P. nº 16, na páxina Web, no Taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>], en data 21 de xaneiro de 2020.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión para o referido proceso selectivo con data 28 de xaneiro de 2020,

Publicadas as listas provisionais de admitidos e excluídos en data 10 de febreiro de 2020, elevadas a definitivas o non producirse alegacións ou reclamacións no prazo establecido, e de acordo co disposto nas citadas bases,

Vista a Declaración de servizos municipais obxecto de contratación de persoal de carácter urxente e inaplazable aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16/01/2020, na que estaba incluída a categoría de Oficiais de 1ª/2ª para o servizo de recuperación da arquitectura popular e mantemento de servizos municipais.

Dadas as circunstancias actuais que veñen de provocar un considerable retraso da práctica dos referidos procesos selectivos e a urxencia en celebrar os mesmos dada a altura do exercicio en que nos atopamos, pola presente ,



RESOLVO

Primeiro.- Sinalar o próximo día **4 de xuño de 2020 ás 9:15 horas para a constitución do Tribunal** de ditas prazas, no salón de Plenos da Casa do Concello de Muíños.

Sinalar o próximo día **4 de xuño de 2020 ás 11:45 horas** para a realización da **proba de galego e entrevista curricular.**

Segundo.- Os aspirantes deberán comparecer provistos de D.N.I.

Terceiro.- Ditas probas axustaranse ás resolucións previas adoptadas ao respecto para o seu desenvolvemento.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución de fixación das datas de celebración do proceso selectivo, no tabloleiro de anuncios, na páxina web do Concello (www.concellomuinos.com) e na sede electrónica do concello [<http://concellomuinos.sedelectronica.gal>].

En Muíños na data da sinatura electrónica.

O Alcalde.- Plácido Alvarez Dobaño;

O Secretario-Interventor: santiago Mansilla Vázquez.

